



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DE GALICIA DUN EPISODIO DE VAGA DE CALOR

DATA DE ENVÍO: 16/08/2026

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA

NIVEL DE ALERTA: NIVEL 3 (VERMELLO)

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, informa dun episodio de vaga de calor a partir do día 17/08/2026 nas seguintes zonas isoclimáticas cos seguintes niveis de alerta:

- NIVEL 3 (VERMELLO): Ourense (Montaña), Pontevedra (Interior)
- NIVEL 2 (LARANXA): Ourense (Miño e Valdeorras), Pontevedra (Rías Baixas)
- NIVEL 1 (AMARELO): A Coruña (Suroeste), Pontevedra (Miño)

Segundo Meteogalicia, as temperaturas seguirán sendo elevadas ata o martes prevendo que o próximo mércores empecen a baixar.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: ADOPTEN as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións, transmitindo e informando a cidadanía que participe en eventos, do tipo que sexa, das medidas de autoprotección que deben adoptar.

SE CHEGAN A DARSE AS PREDICIÓNS, PRODUCÍNDOSE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA OU URXENCIA DEBERÁ INFORMAR A ESTE CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS 112 GALICIA

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es